

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 26 DE XUÑO DE 2014,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación, para os efectos de expropiación forzosa, dos bens e dereitos afectados polas obras de colectores xerais e estación depuradora de augas residuais en Ribeira (A Coruña), clave OH.315.1070.
- Decreto polo que se dispón que cese Francisco Menéndez Iglesias como director da entidade pública empresarial Augas de Galicia.
- Decreto polo que se nomea director da Axencia Galega de Infraestruturas a Francisco Menéndez Iglesias.
- Decreto polo que se nomea director da entidade pública empresarial Augas de Galicia a Gonzalo Mosqueira Martínez.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se crea un colexio de educación infantil e primaria no concello de Oroso (A Coruña).
- Decreto polo que se nomea a Ramón Villares Paz presidente do Consello da Cultura Galega.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das axudas ao abeiro da Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de proxectos de investigación e para a creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento, que executarán os grupos e centros de investigación das universidades galegas, por un importe total de cento cincuenta e dous mil euros (152.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e as organizacións non gobernamentais, Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Reporteiros Solidarios e a Asociación Mundo Cooperante Galicia para a execución do proxecto "Cooperación Galega: O mundo que queremos", por importe de cincuenta e seis mil setecentos trinta e un euros con sesenta e nove céntimos (56.731,69 euros).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial modificado do parque empresarial de Touro (A Coruña).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a exención de prestación de garantías no convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Clúster da lousa de Galicia, para a realización de accións complementarias aos proxectos demostrativos de loita contra o po de sílice, por importe de cento cincuenta mil euros (150.000,00 euros).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Meaño para a xestión do servizo de comedor escolar no CEIP de Coirón - Dena, polo importe máximo de dezanove mil catrocentos setenta euros (19.470,00 euros).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza o noveno acordo de prórroga do concerto suscrito entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Servizo Galego de Saúde, no período do 1 de xullo de 2014 ata o 30 de xuño 2015, por un importe total de catro millóns trescentos noventa e oito mil oitocentos sesenta e sete euros con trinta e sete céntimos (4.398.867,37 euros).
- Acordo polo que se autoriza o oitavo acordo de prórroga do concerto suscrito entre a Universidade da Coruña e o Servizo Galego de Saúde, no período do 1 de xullo de 2014 ata o 30 de xuño 2015, por un importe total de novecentos noventa e oito mil seiscentos trinta e catro euros con doce céntimos (998.634,12 euros).
- Acordo polo que se autoriza o oitavo acordo de prórroga do concerto suscrito entre a Universidade de Vigo e o Servizo Galego de Saúde, para o período do 1 de xullo de 2014 ata o 30 de xuño de 2015, por un importe total de cincuenta e nove mil oitocentos quince euros con corenta e dous céntimos (59.815,42 euros).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Sanidade para adquirir compromisos de carácter plurianual de conformidade co disposto no artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de accións de saúde pública no campo do VIH/sida, que se desenvolverán na Comunidade Autónoma de Galicia, xestionados por entidades privadas sen ánimo de lucro, por un importe total de cento corenta e nove mil cincocentos euros (149.500,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Sanidade para adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual de conformidade co disposto no artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias e condutas aditivas promovidas por entidades privadas sen ánimo de lucro que desenvolven o seu labor no eido da prevención das drogodependencias na Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria, por un importe de seiscentos cinco mil euros (605.000,00 euros).

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Sanidade para adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual de conformidade co disposto no artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias e condutas adictivas promovidas por concellos, mancomunidade de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria, por un importe de setecentos sesenta mil seiscentos corenta euros (760.640,00 euros).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se lle autoriza a encomenda de xestión á Empresa Pública Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA) durante o ano 2014, para a execución de traballos preventivos cofinanciados co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, e servizo de brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais durante a campaña, o servizo de reténs de maquinaria pesada e apoio técnico á prevención e defensa contra os incendios forestais en época de perigo alto de incendios forestais, e para o apoio á elaboración de estudos e análise estatística de incendios forestais, por importe de cinco millóns setecentos cincuenta e nove mil cincocentos oitenta euros con setenta céntimos (5.759.580,70 euros).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre a previsión de recursos da Unidade da Policía Adscrita (UPA) no PLADIGA 2014.
- Informe sobre o Plan director do Camiño de Santiago en Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o proceso de estratificación por risco da poboación galega.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O INICIO DAS EXPROPIACIÓNS PARA AS OBRAS DA DEPURADORA E COLECTORES XERAIS EN RIBEIRA

- *O custo das expropiacións ascende a 248.000 euros e será por conta do Estado, a través da sociedade AcuaEs (Aguas de las Cuencas de España, S.A.) que será a encargada de executar a obra*
- *AcuaEs licitou as obras o 20 de decembro de 2013 cun importe de 24.612.061,13 euros e prevese que as actuacións se adxudiquen unha vez que se asine o convenio entre a Xunta e o Estado nas vindeiras semanas*
- *A obra dos colectores xerais e EDAR de Ribeira está declarada como de interese da Comunidade Autónoma ao incluírse no programa do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica Galicia-Costa, aprobado en outubro de 2012*
- *Con esta actuación darase servizo a unha poboación aproximada de 32.500 habitantes, xa que permitirá a depuración das augas residuais do núcleo urbano de Ribeira, da poboación de Aguiño, A Ameixida, A Revolta e Castiñeras*
- *A nova depuradora terá capacidade para tratar un caudal medio de 93 litros por segundo, é dicir máis de 8.000 metros cúbicos ao día, aínda que poderá asumir puntas de 279 litros por segundo*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe o proxecto de decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación para a expropiación dos bens e dereitos afectados polas obras de colectores xerais e estación depuradora de augas residuais (EDAR) en Ribeira.

Con este paso administrativo a Xunta avanza nas tramitacións previas para a execución da obra de colectores xerais e estación depuradora de augas residuais en Ribeira. O custo das expropiacións dos 55 predios afectados ascende a 248.000 euros e será por conta do Estado, a través da sociedade estatal AcuaEs (Aguas de las Cuencas de España, S.A.) que será a encargada de executar a obra. AcuaEs licitou as obras o 20 de decembro de 2013 cun importe de 24.612.061,13 euros. Prevese que as obras se adxudiquen unha vez que se asine o convenio entre a Xunta e o Estado.

A Xunta de Galicia considerou necesario definir unha actuación integral que teña en conta o funcionamento actual e futuro das redes existentes e os procesos de depuración, así como a súa influencia na ría de Arousa. Para esta tarefa redactouse, en primeiro lugar, o Plan de saneamento local da ría de Arousa, a partir do cal se definiu o proxecto da actuación. En paralelo, o proxecto foi sometido ao procedemento de avaliación de impacto ambiental, e obtívose a declaración de impacto ambiental favorable en outubro do ano 2012.

Cómpre lembrar que o 10 de decembro de 2013 se asinou un protocolo de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e a sociedade estatal Aguas de las Cuencas de España, S.A., para a licitación do proxecto de saneamento de Ribeira. Neste protocolo prevese que Augas de Galicia tramite o procedemento expropiatorio. Así, o decreto que eleva ao Consello da Xunta de Galicia para a súa aprobación é un paso máis cara á materialización da infraestrutura.

Ademais deste expediente expropiatorio, recentemente foi asinado un convenio entre Augas de Galicia e Portos de Galicia para a posta á disposición dos terreos portuarios afectados pola execución das obras.

Vindeiros pasos

Este esquema administrativo artellarase nas próximas semanas coa sinatura dun convenio de colaboración que ratifique os compromisos de financiamento que Estado e Xunta avanzaron no protocolo de decembro de 2013, e así proceder ao inicio das obras tras a súa adxudicación definitiva.

As obras serán financiadas nun 70 % do custo das actuacións por AcuaEs a través de fondos FEDER da Unión Europea, e a Xunta de Galicia cofinanciará a actuación con fondos propios a través de Augas de Galicia.

EDAR e colectores en Ribeira

As obras do saneamento de Ribeira consisten na construción da nova estación depuradora, así como dos colectores interceptores que conducirán as verteduras ata esta nova infraestrutura. Con esta actuación darase servizo a unha poboación aproximada de 32.500 habitantes equivalentes, xa que permitirá a depuración das augas residuais do núcleo urbano de Ribeira, da poboación de Aguiño, e dos núcleos da Ameixida, A Revolta e Castiñeras.

A obra dos colectores xerais e EDAR de Ribeira está declarada como de interese da Comunidade Autónoma ao terse incluído no programa de medidas do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica Galicia-Costa, aprobado en outubro de 2012. Isto responde á necesidade de someter a un tratamento adecuado as augas residuais urbanas xeradas principalmente en Ribeira e Aguiño, e así garantir o bo estado das augas, especialmente no que respecta aos exixentes usos de baño e marisqueo nas augas da ría de Arousa.

A rede de colectores xerais defínese mediante a execución de aproximadamente 13.600 metros de conducións tanto por gravidade como en presión. Defínense sete tanques de tormenta que regularán os caudais da rede unitaria, enviando o caudal que se vai xestionar ata a EDAR e minimizando os aliviadoiros ao medio receptor en tempo de

choiva. Estarán situados en Carolinas, Cerqueiras, A Ameixida, A Revolta, Castiñeiras, Os Areeiros e Aguiño.

A estación depuradora de augas residuais instalarase no polígono de Couso e realizará tratamento biolóxico mediante aireación prolongada prevista para un caudal máximo de tratamento de 1.238m³/h. A nova depuradora terá capacidade para tratar un caudal medio de 93 litros por segundo, é dicir, máis de 8.000 metros cúbicos ao día, aínda que poderá asumir puntas de 279 litros por segundo.

Planta xeral da EDAR de Ribeira



FRANCISCO MENÉNDEZ, ATA HOXE DIRECTOR DE AUGAS DE GALICIA, FOI NOMEADO POLO CONSELLO NOVO DIRECTOR DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

- *Pasa a exercer o cargo que ocupaba a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas*
- *O Consello tamén nomeou a Gonzalo Mosqueira Martínez novo director de Augas de Galicia*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se dispón o nomeamento de Francisco Menéndez Iglesias como novo director da Axencia Galega de Infraestruturas, logo do cesamento a semana pasada de Ethel Vázquez Mourelle, nomeada conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

O Consello tamén nomeou a Gonzalo Mosqueira Martínez como novo director de Augas de Galicia, cargo que viña ocupando o novo director da AXI.

Ambos nomeamentos faranse efectivos coa súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, prevista para o vindeiro luns.

Francisco Menéndez

Francisco Menéndez Iglesias é enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos pola Universidade da Coruña. Incorporouse no ano 2006 a Augas de Galicia, e foi xefe de sección da EPOSH desde abril de 2007 ata setembro de 2010, momento en que foi nomeado presidente de Augas de Galicia e da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH).

Durante o seu mandato, púxose en servizo a Edar de Punta Avarenta, en Ferrol, ou a de Ribadumia, e licitáronse outras, como a da Barcala, Gandarío ou Malpica. En colaboración co Estado, iniciáronse obras como as depuradoras de Ourense e Vigo e os colectores de Ferrol. Ademais, aprobouse o primeiro Plan hidrolóxico Galicia-Costa e deuse inicio aos primeiros contactos para acadar o Pacto local da auga. Nesta nova etapa como responsable das infraestruturas, Menéndez manterá prioridades, como continuar mellorando a rede de estradas galegas e garantindo a súa conservación, nun ano en que se porán en servizo obras como a Variante de Noia, a Vía de Altas Prestacións Tui-A Guarda e o remate da Terceira Rolda da Coruña.

Gonzalo Mosqueira

O novo director de Augas de Galicia, Gonzalo Mosqueira, é enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e licenciado en Dereito, e ten un máster en Xestión Fluvial Sostible e Xestión Integrada de Augas. A súa experiencia profesional dentro da Administración autonómica centrouse no departamento de Augas de Galicia que agora vai dirixir, onde



ocupou postos de relevancia como o de xefe de sección no departamento de Obras de Augas de Galicia, desde xaneiro de 2012 ata a actualidade. Tamén é membro da Comisión Técnica do Pacto Local da Auga.

Así mesmo, ten ampla experiencia académica posto que foi profesor asociado da Universidade da Coruña, Departamento de Métodos Matemáticos e de Representación da E.T.S. de Camiños, Canais e Portos, desde abril de 2002 ata a actualidade.

Entre os retos para esta nova etapa destacan o desenvolvemento do Pacto local da auga, a tramitación da nova planificación hidrolóxica 2015-2020, e os progresos definitivos no saneamento das rías, de cara ao cumprimento da Directiva marco da auga en 2015.



O CONSELLO DA XUNTA DÁ LUZ VERDE AO DECRETO DE CREACIÓN DO NOVO CEIP DE OROSO, QUE COMEZARÁ A FUNCIONAR EN SETEMBRO

- ***O Goberno galego investiu neste centro máis de 5,1 millóns de euros***
- ***Este centro súmase ao IES do Milladoiro, ao CEIP de Nós (Oleiros) e á EEI de Betanzos, conformando un esforzo económico superior aos 19,5 millóns de euros en infraestruturas educativas totalmente novas en época de crise***

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao decreto de creación do novo CEIP de Oroso, que supón un investimento de máis de 5,1 millóns de euros e comezará a funcionar este mes de setembro. Conta xa cos gastos de equipamento, aos cales hai que engadir, ademais, os de funcionamento do CEIP. A construción deste centro, co que a Consellería de Cultura e Educación dá resposta ás necesidades da comunidade escolar deste concello, súmase ao IES do Milladoiro, ao CEIP de Nós (Oleiros) e á EEI de Betanzos, o que conforma un esforzo económico superior aos 19,5 millóns de euros en infraestruturas educativas totalmente novas, unha achega especialmente salientable en época de crise.

Está previsto que as obras rematen na primeira quincena do mes de xullo, en que quedarán só pendentes aquelas que dependen do Goberno municipal. Así, o concello terá que realizar as conexións exteriores coa rede de saneamento e as acometidas eléctricas e de gas, e terá que alterar o rasanteo da vía de acceso ao centro para que se adecue ao planeamento urbanístico e aos documentos técnicos que serviron de base para elaborar o proxecto.

Ademais, a Consellería de Cultura e Educación está a agardar a resposta do Concello de Oroso respecto da xestión do comedor escolar neste centro. Neste sentido, cómpre lembrar que o departamento educativo da Xunta de Galicia propuxo ao alcalde colaborar con este servizo a través de dúas fórmulas distintas, ben mediante un convenio ao abeiro do cal o Concello xestionaría o comedor e a Consellería financiaría unha parte do menú escolar, ou ben mediante as axudas que o departamento educativo da Xunta de Galicia convoca para as ANPA que xestionan comedores escolares; neste caso é necesario que a asociación se faga cargo do comedor do novo CEIP.

Instalacións

As instalacións do novo CEIP de Oroso, con capacidade para 450 alumnas e alumnos, implican máis de cinco mil metros cadrados construídos, así como un pavillón de máis de mil metros cadrados.

O novo centro educativo contará cunha estrutura de dúas plantas e un semisoto, este último destinado ao aparcadoiro, servizos hixiénicos, almacén e instalacións. No primeiro andar situarase a zona administrativa e unha gran sala de usos múltiples que está



situada ao carón do ximnasio, o que permitirá ter un amplo espazo de 280 metros cadrados. Ademais, nesta planta tamén se situarán seis aulas de educación infantil e o comedor, así como outras instalacións e servizos xerais. No segundo andar situaranse 12 aulas de primaria e as de recursos especiais e música. Ademais, estarán as de informática e a biblioteca, que se poderán unir dando paso a unha aula única de máis de cen metros cadrados.



O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A RAMÓN VILLARES PRESIDENTE DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA

- ***Ocupa este cargo, para o cal foi reelixido o 22 de maio, desde 2006***

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe o visto e praxe ao nomeamento de Ramón Villares Paz como presidente do Consello da Cultura Galega (CCG), de acordo coa elección efectuada por esta entidade no seu pleno extraordinario do día 22 de maio de 2014, con 22 votos a favor e un en branco.

Villares, catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela desde 1987, é presidente do CCG desde 2006, o mesmo ano en que entrou na Real Academia Galega como membro numerario. Así mesmo, foi reitor da Universidade de Santiago de Compostela entre 1990 e 1994, decano da Facultade de Xeografía e Historia (1986-1990), director en Galicia da Universidade Internacional Menéndez Pelayo (1997-2005), e membro fundador e presidente da Asociación Española de Historia Contemporánea (1996-2002).

Nado en 1951, é especialista en historia social agraria, historiografía e historia intelectual, eidos en que é autor de numerosas publicacións. Así mesmo, ten dirixido máis de vinte teses de doutoramento, foi investigador principal de sete proxectos e é membro do Consello Asesor de revistas como *Ayer*, *Historia Social*, *Hispania*, *Ler Historia* ou *Análise Social*, e de editoras como Marcial Pons ou Ediciones de Historia.



A XUNTA APROBA A CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A INVESTIGACIÓN EN MATERIA DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO

- *Poderán beneficiarse as universidades do Sistema Universitario de Galicia, así como as ONGD que colaboren cos centros universitarios*
- *A dotación orzamentaria da convocatoria será de 152.000 euros entre 2014 e 2015*
- *É a primeira vez que se publica unha convocatoria de axudas deste tipo*

O Consello da Xunta informou da convocatoria de subvencións destinadas ao financiamento de proxectos de investigación e creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento. Trátase da primeira vez que se publica unha convocatoria destas características, que responde ao establecido no III Plan director da cooperación galega 2014-2017 e no Plan anual 2014.

Esta nova convocatoria ten por obxecto axudar na realización de proxectos de investigación sobre cooperación para o desenvolvemento, incluída a educación e aplicación da tecnoloxía para o desenvolvemento humano. Tamén pretende facilitar a creación de grupos de investigación que teñan como obxectivo principal a especialización na investigación neste ámbito, co obxectivo de consolidar liñas de investigación nesta materia nas universidades galegas. Estes grupos poderán ser uni ou multidisciplinares e tamén interuniversitarios.

As entidades que poden verse interesadas por este tipo de subvencións son as tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG), e son destinatarios dalas os investigadores individuais ou por equipos en proxectos de investigación sobre cooperación e desenvolvemento.

Non obstante, tamén se poderán beneficiar desta axuda as organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento (ONGD) e outros axentes de cooperación, sempre que se presenten en agrupación coas universidades, que serán as que deberán liderar os proxectos de investigación.

En canto á dotación orzamentaria da convocatoria, esta previsto que se destinen 152.000 euros entre 2014 e 2015, cun importe máximo de 35.000 euros de axuda.

Esta convocatoria responde ao establecido no III Plan director da cooperación galega 2014-2017, aprobado polo Parlamento de Galicia no mes de marzo, e no Plan anual 2014, nos cales se aposta pola promoción dunha cultura de investigación no noso sistema de cooperación, orientada a construír unha cidadanía global e comprometida co cambio social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable.



Así, son importantes as investigacións neste ámbito, xa que as políticas de cooperación para o desenvolvemento humano precisan deste tipo de iniciativas que promovan a xestión do coñecemento en cooperación e contribúan a mellorar o impacto da axuda para o desenvolvemento.



Comunicación da Xunta de Galicia
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41
Correo-e: comunicacion@xunta.es



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

A XUNTA COLABORA CON VARIAS ONGD PARA O FOMENTO DA SOLIDARIDADE E A SENSIBILIZACIÓN NA LOITA CONTRA Á POBREZA NOS CENTROS EDUCATIVOS

- ***O Consello aprobou un convenio con tres ONGD para a execución do proxecto en materia de educación para o desenvolvemento "Cooperación galega: o mundo que queremos"***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración ente a Vicepresidencia e as organizacións non gobernamentais 'Solidariedade Internacional de Galicia', 'Asociación Galega de Reporteiros Solidarios' (AGARESO) e 'Mundo Cooperante Galicia' para a execución do proxecto en materia de solidariedade e educación para o desenvolvemento "*Cooperación Galega: o mundo que queremos*", que pon en colaboración distintos departamentos da Xunta que dispoñen de programas dirixidos aos centros educativos.

A finalidade deste proxecto é o fomento da educación para o desenvolvemento, a solidariedade e sensibilización na loita contra a pobreza nos centros educativos galegos, co fin de que o alumnado da Comunidade tome conciencia da interconexión entre as realidades locais e globais, ademais da súa responsabilidade na construción da xustiza social.

A través deste plan, 800 alumnos galegos e un total de 24 docentes da Comunidade recibirán acompañamento constante e faranse protagonistas na construción da súa propia aprendizaxe ao descubrir -a través de estratexias educativas concretas- as interconexións entre as distintas realidades e contextos sociais, así como as dinámicas que as conforman.

O custo total do proxecto será de preto de 57.000 euros, dos cales a Xunta –a través da Consellería de Presidencia- se fará cargo da maior parte do financiamento, cunha achega de 50.000 euros –nas anualidades 2014 e 2015-, o 88 por cento do custo total.

Educación e desenvolvemento

Este proxecto responde a unha iniciativa do Goberno galego cuxo obxecto é facilitar a colaboración entre distintos departamentos da Xunta de Galicia que dispoñen de programas dirixidos aos centros educativos. Así, no ano 2013, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, en coordinación coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, impulsaron un proxecto piloto co mesmo título levado a cabo dentro do 'Plan Proxecta', e que tamén contaba coa colaboración de entidades sen ánimo de lucro.



Ante o éxito deste proxecto piloto, desenvolvido no curso 2013-2014, decidiuse darlle continuidade de cara ao vindeiro curso, pero nesta ocasión a través da formalización dun convenio de colaboración entre estas tres ONGD, debido á especificidade das actividades, que son de claro interese público e inciden de forma directa no ámbito da cidadanía en xeral.

O convenio asinado hoxe responde ao establecido no III Plan director da cooperación galega 2014-2017, aprobado polo Parlamento de Galicia o pasado mes de marzo. Tamén ten cabida no Plan anual 2014, en especial no que se refire a levar a cabo unha política de educación para o desenvolvemento orientado a construír unha cidadanía global comprometida co cambio social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA A MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE TOURO

- *A modificación afecta o deseño das vías internas, o dimensionamento das parcelas e as conexións exteriores*
- *O parque será desenvolvido por unha empresa privada, propietaria da totalidade dos terreos que ocupa*
- *Inicialmente o promotor previsto era Xestur Coruña, que cedeu o proxecto ao propietario dos terreos ante o seu interese en desenvolver o parque*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a modificación puntual do proxecto sectorial do parque empresarial de Touro, promovido pola empresa Explotaciones Gallegas, S.L. O proxecto sectorial foi aprobado polo Consello da Xunta en xuño de 2011 e a súa modificación puntual sometida a exposición pública en outubro do ano pasado. Malia ser unha promoción privada, a modificación do proxecto sectorial foi tramitada polo IGVS, tal como establece a normativa vixente. Este parque empresarial estaba incluído no Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia de 2004.

A modificación do proxecto sectorial afecta unicamente o deseño das vías internas e o dimensionamento das parcelas, ao tempo que adecua o trazado das conexións externas (vías e redes de servizo), de acordo coas propostas dos organismos e empresas afectadas. Por ese motivo, modifícase o trazado da vía de acceso, rediseñanse as vías internas e parcelas para incrementar a superficie de zonas verdes, acéptase a posibilidade de empregar outros materiais distintos do formigón na execución das beirarrúas e cámbiase a posición do depósito de auga.

Principais características da actuación

- Superficie total do ámbito do parque empresarial: 52.755 m²
 - Superficie lucrativa industrial: 29.405,00 m²
- Orzamento total previsto: supera os 3,4 millóns de euros (IVE incluído).

Inicialmente prevíase que o promotor do parque empresarial de Touro sería a empresa pública Xestur Coruña, pero dado que a totalidade dos terreos en que se vai asentar é propiedade dun único propietario, interesado no seu desenvolvemento, Xestur chegou ao acordo de lle ceder a promoción ao dito propietario, Explotaciones Gallegas, S.L. que correrá con todos os gastos da promoción.

Segundo o acordo entre Xestur Coruña e a empresa promotora, Explotaciones Gallegas S.L., asume a execución ao seu cargo das obras de urbanización, e está obrigado a :



- Ceder gratuitamente a Xestur unha superficie urbanizada do 10 % ou aboarlle o importe equivalente en metálico.
- Ofertar, para a venda a terceiras empresas, un mínimo do 40 % da superficie de parcelas de uso industrial, cuxo prezo de venda deberá ser xustificado e comunicado ao IGVS.
- Cederlle ao concello as superficies de uso e servizo público.
- Prestar garantía a favor do IGVS do cumprimento das súas obrigas, unha vez que sexa aprobado o proxecto sectorial.



A XUNTA DESTINA 150.000 EUROS PARA A PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS NO SECTOR DA LOUSA

- *O Consello da Xunta autoriza un novo convenio co Clúster da lousa para a mellora das condicións dos traballadores expostos ao po de sílice*
- *O acordo permitirá desenvolver un plan de control e mellora dos sistemas xa implantados en anos anteriores co obxectivo de diminuír o risco derivado da exposición a este tipo de po*
- *A iniciativa intégrase nas actuacións levadas a cabo pola Consellería de Economía e Industria, que desde o 2009 ten destinados preto de 3 millóns á mellora da seguridade e saúde laboral dos traballadores do sector*

A Xunta de Galicia está a desenvolver nos últimos anos diferentes proxectos co sector da lousa co obxectivo de reforzar o seu posicionamento como unha das principais industrias mineiras da economía galega. Neste sentido, o Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun novo convenio de colaboración co Clúster da Lousa que, no ámbito da prevención dos riscos laborais, destina 150.000 euros para a mellora das condicións dos traballadores na súa exposición ao po de sílice.

O acordo dará continuidade aos diferentes proxectos iniciados ao abeiro da colaboración entre o Clúster e a Consellería de Economía e Industria, que teñen permitido tanto a elaboración de estudos e traballos técnicos encamiñados a diminuír o risco derivado da exposición ao po de sílice, como a implantación de modernos equipamento en distintas fábricas do sector coa mesma finalidade.

Neste contexto, o novo convenio facilitará o desenvolvemento dun plan de control e mellora destes sistemas xa implantados, que se levará a cabo en dúas fases: unha de investigación e outra de monitorización dos resultados. Deste xeito, procederase ao control e á mellora das tecnoloxías postas en marcha, así como á súa modelización de cara á optimización dos recursos, coa finalidade de adecuar o seu deseño aos diferentes tipos de nave do sector.

Así mesmo, desenvolverase un intenso plan de comunicación que inclúe desde a presentación dos proxectos levados a cabo en anos anteriores ata a elaboración de xornadas demostrativas e informativas nas fábricas para dar a coñecer os resultados aos traballadores.

A través deste convenio, séguese a traballar en colaboración co sector na procura de iniciativas que fomenten as medidas de prevención para a eliminación dos riscos mediante novas tecnoloxías, mellorando as xa existentes e introducindo cambios nos procesos produtivos.



Non en van, nos últimos cinco anos a Consellería de Economía e Industria leva destinados preto de 3 millóns de euros a distintas actuacións encamiñadas á mellora da seguridade e da saúde laboral dos traballadores do sector. Un impulso que se inclúe dentro dos preto de 10 millóns de euros que, no mesmo período de tempo, destinou a Consellería á prevención de riscos e ao apoio ao I+D+i do sector mineiro galego.



A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN ELEVA A 700.000 EUROS A ACHEGA DESTINADA A COLABORAR COS CONCELLOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun acordo de colaboración neste sentido co Concello de Meaño, que se suma aos xa subscritos cos de Ames, Betanzos, Cangas, Ferrol, Gondomar, Mugardos, Muíños e Santiago de Compostela,*
- *Cómpre lembrar que a Consellería incrementará, ademais, en máis de 1.400 as prazas nos comedores que xestiona de forma directa ou indirecta*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria elevará a preto de 700.000 euros a achega que destina a colaborar cos concellos para a prestación do servizo de comedor escolar durante os cursos 2013/2014 e 2014/2015, coa aprobación hoxe no Consello da Xunta da sinatura dun novo convenio co Concello de Meaño para o comedor do CEIP Coirón-Dena. Este acordo súmase aos asinados o pasado verán para dous cursos cos concellos de Ames, Betanzos, Cangas, Ferrol, Gondomar, Mugardos, Muíños e Santiago de Compostela, de tal forma que o departamento educativo da Xunta facilitará a 2.393 usuarios acceder a este servizo nun total de 34 centros educativos.

Cómpre lembrar, ademais, que Cultura e Educación anunciou que incrementará en máis de 1.400 as prazas nos comedores escolares que xestiona –tanto de forma directa como indirecta– o vindeiro curso. Así, xa contando con esta previsión, o departamento educativo da Xunta de Galicia terá incrementado o número de prazas en comedores escolares en 10.839 respecto das que había no curso 2008/2009, un 22,3%. Dos usuarios dos comedores da Consellería –xestión directa e indirecta–, preto do 80% dos usuarios –en concreto o 78,11%– teñen o comedor escolar de balde. Se a isto lle engadimos aqueles que pagan 1 euro ao día, cómpre dicir que o 83,59% dos comensais utilizan o comedor totalmente de balde ou pagando tan só un euro.

En total, no curso 13/14 destináronse 29,7 millóns de euros aos comedores que xestiona de forma directa e indirecta, así como ao cofinanciamento, a través do convenio de colaboración dos comedores xestionados polos concellos e ao cofinanciamento dos comedores xestionados polas ANPA mediante outorgamento de axudas. Todo isto supón duplicar o orzamento de 14,6 millóns que se destinaba en 2007 aos comedores.

Unha aposta pola conciliación

A decisión da Consellería de colaborar cos gobernos municipais na prestación do servizo do comedor nace da súa clara aposta por facilitar a conciliación da vida laboral e familiar e despois de que algunhas asociacións de nais e pais decidisen nos últimos anos xestionar os comedores.



Ao abeiro destes acordos, a Consellería apoiará o Concello de Meaño na xestión do comedor do CEIP Coirón-Dena, e ao Concello de Ames na xestión dos comedores dos CEIP A Maía, Agro do Muíño, de Barouta e de Ventín, e no da EEI do Milladoiro. No caso de Betanzos, o centro beneficiado será o CEIP Francisco Vales Villamarín e en Cangas serán os CEIP de Cangas, do Hío, Espiñeira-Aldán e A Rúa. No acordo co Concello de Ferrol inclúiranse os comedores do CPI Almirante Juan de Lángara y Huarte e dos CEIP Cruceiro de Canido, Recimil, Isaac Peral, Manuel Masdias, San Xoán de Filgueira, Esteiro e Pazos, e en Gondomar inclúiranse os CEIP Souto de Donas, Serra de Vincios, Xosé Neira Vilas e Chano Piñeiro.

Ademais, benefíciense destes acordos os usuarios dos comedores do CEIP Unión Mugarcesa, en Mugarodos; e do CEIP Valle Inclán, en Muíños, así como os dos composteláns CEIP Apóstolo Santiago, Ramón Cabanillas, Cardeal Quiroga Palacios, Roxos-Villestro, Monte dos Postes, Mestre Rodríguez Xixirei, As Fontiñas, Vite I e Raíña Fabiola.

No marco destes acordos de colaboración, a Consellería subvencionará os menús dos comensais durante todo o curso escolar. Pola súa banda, os concellos comprométense á elaboración dos menús escolares, á repartición e recolla deles nas mesas do comedor, así como ao coidado e asistencia do alumnado durante as comidas.



O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE DESTINA PRETO DE 5,5 MILLÓNS DE EUROS ÁS TRES UNIVERSIDADES PÚBLICAS GALEGAS

- *Prorróganse os concertos co obxectivo de continuar colaborando en aspectos docentes, asistenciais e de investigación*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a prórroga dos concertos que desde 2001 se veñen subscribindo entre o Servizo Galego de Saúde e as universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e de Vigo con obxectivo de continuar colaborando en aspectos docentes, asistenciais e de investigación.

O montante económico destes concertos ascende a 5.457.317 euros para o período dun ano, que abrangue desde o 1 de xullo do presente exercicio ata o 30 de xuño de 2015. Por universidades, as contías repártense a razón de 4.398.868 euros para a de Santiago de Compostela, 998.634 euros para a da Coruña e 59.815 euros para a de Vigo.

Esta colaboración que cada ano se ratifica entre o Servizo Galego de Saúde e as tres universidades galegas permite a utilización e o mellor aproveitamento dos recursos das institucións sanitarias para a investigación e a docencia universitaria. Un dos eidos de traballo é a formación, encamiñada, por unha banda, aos alumnos de ciencias da saúde co fin de acadar os profesionais do futuro e, doutra banda, contribuír ao mantemento da cualificación dos profesionais ao máis alto nivel. Tamén permite traballar para que as ensinanzas universitarias relacionadas coas ciencias da saúde estean enfocadas á mellora constante da atención sanitaria.

Ademais, levaranse a cabo actividades coordinadas entre as universidades e as institucións sanitarias co fin de potenciar a investigación en ciencias da saúde, así como lograr unha mellor utilización dos recursos humanos.

A prórroga destes concertos reflicten o compromiso da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego da Saúde cos seus profesionais para compartir coñecementos e experiencias entre as actividades asistencial, docente e investigadora. Así mesmo, permite poñer á disposición do Sistema universitario galego os recursos da Administración sanitaria co fin de mellorar a formación dos alumnos en ciencias da saúde.



SANIDADE DESTINA CASE 150.000 EUROS AO DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE PREVENCIÓN DO VIH E A SIDA

A Consellería de Sanidade destinará un total de 149.500 euros ao financiamento de proxectos de saúde pública no eido da VIH infección polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH) e da síndrome de inmunodeficiencia adquirida (sida) para o período 2014-2015.

A Orde de axudas, aprobada no Consello da Xunta, está dirixida a entidades privadas sen ánimo de lucro para levar a cabo proxectos relacionados co VIH/Sida realizados integramente en Galicia e que teñan como área de actuación polo menos unha das 11 áreas sanitarias galegas.

Ademais da mencionada área de actuación (en función do número de habitantes e incidencia da infección polo VIH), priorizaranse criterios como dispor de persoal contratado e local en Galicia, traballar con colectivos de alta prevalencia de VIH, empregar material divulgativo editado polas administracións ou que conte con valoración positiva por parte do Servizo de Control de Enfermidades Transmisibles, e promover a distribución de preservativos.

Segundo establece a Orde –que proximamente sairá publicada no DOG- as actividades obxecto de axuda deberán estar dirixidas a facilitar e fomentar o uso do preservativo nos colectivos máis vulnerables; realización de probas rápidas de detección do VIH ás persoas con prácticas de risco; programas específicos para homes que practiquen sexo con homes, para persoas que exercen a prostitución e os seus clientes; programas de prevención para persoas que viven co VIH ou en casas de acollida para persoas afectadas polo virus. Así mesmo, apóiase o desenvolvemento de programas que faciliten o acceso á información por parte da poboación vulnerable; actividades preventivas de enfermidades de transmisión sexual; educación para a saúde con perspectiva de xénero; e programas de loita contra o estigma e a discriminación das persoas afectadas.

Sanidade lembra que a infección polo VIH e a sida constitúen un problema sanitario de primeira magnitude que nos últimos anos está experimentando cambios na evolución da epidemia canto ás vías de transmisión e características da poboación afectada, sendo hoxe en día a transmisión por vía sexual o mecanismo principal da súa expansión, sobre todo entre homes que teñen sexo con homes.

Na liña de diminuír e atallar este problema de saúde pública, a Consellería pon en marcha un ano máis esta actuación que se enmarca no Plan galego anti VIH/sida e outras enfermidades de transmisión sexual (ITS).



SANIDADE DESTINA 1.365.000 EUROS AOS CONCELLOS E ÁS ONG PARA PROXECTOS DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADICTIVAS

O Consello da Xunta aprobou hoxe dúas ordes polas que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias e condutas adictivas promovidas por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos, así como por entidades privadas sen ánimo de lucro da Comunidade Autónoma de Galicia.

En total, o investimento en prevención previsto nestas dúas ordes para o segundo semestre de 2014 e o primeiro semestre do 2015 é de 1.365.640 euros, dos cales 760.640 euros son para concellos e 605.000 para ONG.

O desenvolvemento destas actuacións de prevención teñen por obxectivo o fomento na sociedade galega dun estilo de vida libre de tabaco, alcohol ou drogas ilícitas, sobre todo na mocidade, e, no seu defecto, conseguir atrasar a idade de inicio no consumo destas substancias con capacidade adictiva e diminuír as prevalencias de consumo tanto nesas idades temperás como na idade adulta. Os consumos de risco destas substancias teñen especial significación cando se inicia en idades temperás xa que isto ten que ver co consumo crónico a longo prazo.

Plan de trastornos adictivos

Así mesmo, estas ordes inscríbense no Plan de trastornos adictivos de Galicia 2011-2016, que recolle dez liñas estratéxicas de actuación entre as que destaca o sinalado con anterioridade de diminuír a prevalencia do consumo de bebidas alcohólicas, tabaco ou drogas ilícitas; a regulación e control da oferta de bebidas alcohólicas e tabaco en menores, así como a prevención das adiccións sociais e condutas relacionadas e a diminución de riscos e redución de danos asociado ao uso e abuso de drogas.

As cinco primeiras liñas estratéxicas establecen as actuacións claves e os responsables de desenvolverlas. Os concellos e as entidades cidadás –entidades privadas que traballan en materia de drogodependencias- son as que terán competencia no desenvolvemento de campañas e actos de sensibilización social sobre as consecuencias do uso e abuso de drogas e outras adiccións sociais e condutas relacionadas, así como na elaboración de guías e materiais de sensibilización social nos ámbitos escolar, familiar, xuvenil e laboral.

Cómpre sinalar que estas actividades se inscriben tamén no previsto na Estratexia nacional sobre drogas que lidera a Delegación do Goberno para o Plan nacional sobre drogas.



A XUNTA CONTRATA UN TOTAL DE 125 BRIGADAS DA EMPRESA PÚBLICA SEAGA PARA A PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

- ***Esta contratación faise como reforzo ao dispositivo do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais durante a campaña de alto risco de lumes***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a encomenda de xestión da Consellería do Medio Rural e do Mar para a execución de traballos preventivos cofinanciados co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2007-2013 e servizo de brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais durante a campaña do ano 2013. O orzamento de licitación da encomenda é de 5,7 millóns de euros. Esta encomenda tamén inclúe o servizo de reténs de maquinaria pesada e apoio técnico á prevención e defensa contra os incendios forestais en época de perigo alto de incendios forestais.

Durante a época de alto risco (que comprende os meses de xullo, agosto e setembro) serán 125 as brigadas contratadas da empresa pública Seaga que actuarán de reforzo ao dispositivo do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais, é dicir, 500 persoas máis que se suman ao operativo.

Estas brigadas -compostas por 4 persoas- realizarán labores de prevención e defensa do medio natural e das producións forestais contra os incendios, defendendo a sustentabilidade e a biodiversidade. Así mesmo, tamén se ocuparán -en caso necesario- da protección de bens e persoas no medio rural. O traballo destas brigadas centrarase, ademais, no apoio á elaboración de estudos e análise estatística de incendios forestais. Trátase dun reforzo importante ao dispositivo de loita contra os lumes co fin de minimizar os incendios forestais e as súas consecuencias.



A POLICÍA AUTONÓMICA DESPREGARÁ 265 EFECTIVOS POLOS MONTES GALEGOS PARA LOITAR CONTRA OS LUMES NA TEMPADA DE VERÁN

- *Ademais, para dar unha resposta policial efectiva, estes axentes contarán con 40 vehículos todo terreo, 5 turismos camuflados e 7 motos de montaña*
- *No que levamos de ano, a Policía autonómica xa detivo 65 persoas por delitos relacionados cos incendios forestais, a maioría, 29, na provincia da Coruña*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao informe da Policía autonómica sobre a previsión de recursos no Pladiga 2014, que se verán reforzados durante a tempada de verán para previr e investigar os lumes no territorio da Comunidade Autónoma galega.

Un ano máis, a Policía autonómica asume o papel de policía operativa contra os lumes forestais e mantén o esforzo de despregar 265 axentes polos montes galegos. Destes axentes, 240 serán efectivos permanentes e os 25 restantes actuarán como reforzo nos casos de urxencia. Ademais, para dar unha resposta policial efectiva estes axentes contarán con 40 vehículos todo terreo, 5 turismos camuflados e 7 motos de montaña.

O persoal da UPA, tal e como vén facendo nos últimos anos, asume o seu papel de policía operativa contra os lumes forestais, desenvolvendo tarefas de prevención e investigación de incendios, de acordo coas pautas recollidas no PLADIGA 2014. O aproveitamento da súa experiencia, así como a súa formación específica nesta materia, fai que o traballo dos axentes autonómicos resulte fundamental para controlar a actividade incendiaria e deter as persoas autoras de lumes nos montes.

Precisamente, este importante traballo realízano durante todo o ano e actualmente xa son 65 as persoas imputadas por delitos relacionados cos incendios forestais en Galicia, un 12% máis que o ano pasado nas mesmas datas. Por provincias, a que maior número de detidos presenta é a da Coruña, con 29, seguida de Ourense con 16; Pontevedra con 14; e Lugo, onde, no que levamos de ano, foron detidas 6 persoas.



GALICIA CONTARÁ POR PRIMEIRA VEZ CUN PLAN DIRECTOR E ESTRATÉXICO DO CAMIÑO DE SANTIAGO

- *O documento ten por obxectivos a correcta atención das rutas de peregrinación, fixará as accións que se van desenvolver de cara a preservar a esencia do Camiño de Santiago, tendo en conta todos os factores que inflúen nel e definirá as relacións entre os axentes implicados*
- *O Plan director do Camiño revitalizará, promocionará e promoverá o estudo e investigación das rutas xacobeas, a súa infraestrutura, patrimonio e legado inmaterial*
- *Entre xaneiro e maio recolleron a Compostela na Oficina de Acolida ao Peregrino preto dun 8% máis de peregrinos que nos primeiros cinco meses de 2013. Máis do 60% deles son estranxeiros*

Galicia contará por primeira vez cun Plan director e estratéxico do Camiño de Santiago para revitalizar, promocionar e promover o estudo e a investigación das rutas xacobeas. A infraestrutura, o patrimonio e o legado inmaterial do Camiño de Santiago, así como as accións que se van desenvolver para preservalo e para implicar os diferentes axentes que interactúan na Ruta Xacobeas figurarán no documento, que se dividirá nun Plan director e mais nun Plan estratéxico.

Así, o Plan director constará das seguintes fases:

- Fase de análise do Camiño de Santiago, na cal se especifique a situación actual do trazado, a densidade de usuarios e peregrinos, o balance da repercusión económica nas zonas de influencia, así como a situación actual e as tendencias que se detecten.
- Fase de diagnose da situación actual.
- Fase de definición dos retos actuais do Camiño.
- Liñas estratéxicas.
- Avance das propostas de actuación.

Doutra parte, o Plan estratéxico do Camiño de Santiago conformarase con documentos que especifiquen unha fase previa de determinación clara da finalidade do plan e con documentos que conteñan a elaboración do plan divididos en retos prioritarios, liñas estratéxicas, propostas de actuación urxente e propostas de actuación.

Os diferentes retos que se establezan no documento irán acompañadas de propostas de actuación centradas nos axentes implicados, no rol da Administración pública, nas accións que se van impulsar, na valoración económica, no calendario de realización, no mapa coas actuacións territorializadas e máis nun sistema de avaliación e control do plan.



Implementar melloras na xestión dos Camiños de Santiago

Xa no Plan integral de turismo se especifica a necesidade de solventar, a través da posta en marcha de actuacións concretas, fenómenos como o desequilibrio existente en canto ao número de peregrinos nos diferentes camiños ou a estacionalidade, e que melloren a coordinación entre os axentes tanto públicos como privados, a calidade dos servizos aos peregrinos, o aproveitamento das canles de promoción e comercialización existentes, a seguridade viaria; a accesibilidade, a sustentabilidade na xestión dos recursos, etc.

Plan integral de turismo de Galicia

O Plan integral de turismo de Galicia recolle na súa primeira liña estratéxica a necesidade de redactar este Plan director e estratéxico dos Camiños de Santiago. Así, o Plan integral de turismo de Galicia define o Camiño de Santiago como o eixe vertebrador das novas alternativas de turismo e como modelo demostrador internacional. Xa na liña de actuación número un se recolle o establecemento dun Plan director dos camiños de Santiago con especificidades para cada unha das rutas.

O plan describe esta actuación como o desenvolvemento dun plan que contribúa á mellora do Camiño de Santiago ao longo de todas as súas rutas, adaptando medidas específicas para cada unha delas e definindo directrices que contribúan á mellora de aspectos ambientais, á xestión de fluxos, á mellora dos trazados e da sinalización, á mellora de servizos turísticos, etc.

Preto dun 8% máis de peregrinos que nos primeiros cinco meses de 2013

O Camiño de Santiago continúa a rexistrar cifras de afluencia superiores ás do ano pasado no mesmo período. Así, entre xaneiro e maio de 2014 recolleron a Compostela na Oficina de Acollida ao Peregrino un total de 49.728 peregrinos, un 7,74% máis que nos primeiros cinco meses do ano pasado. O 60,95% dos peregrinos recibidos nese período son estranxeiros.

O Plan director e estratéxico do Camiño de Santiago terá en conta o incremento do número de peregrinos e de países representados nos últimos anos, así como o redimensionamento do fenómeno xacobeo que ten xa un alcance mundial. O obxectivo será lograr un desenvolvemento e un crecemento equilibrado, sustentable e respectuoso co carácter específico do fenómeno xacobeo.



O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE REALIZA UN PROCESO DE ESTRATIFICACIÓN DA POBOACIÓN GALEGA SEGUNDO NIVEIS DE RISCO

O Servizo Galego de Saúde levou a cabo un proceso de estratificación que permite identificar individualmente o nivel de saúde e de complexidade de cada un dos case 2,5 millóns de galegos maiores de 14 anos.

Isto é posible grazas ao uso de ferramentas que agrupan a poboación galega mediante a combinación da información clínica existente nas diferentes fontes dispoñibles (información dos episodios de hospitalización, da farmacia, de receita e da codificación efectuada en atención primaria), que permite clasificar a poboación referida en diferentes estratos de risco en función da súa morbilidade.

Así, todos os profesionais sanitarios do Sergas, en especial os de Atención Primaria, poderán poñer en marcha accións específicas destinadas a satisfacer as necesidades de cada cidadán en función do seu grao de necesidade. Ademais, permite identificar aqueles pacientes que teñan un maior risco de descompensación para que se poidan adoptar medidas de anticipación que teñan a finalidade de retrasar a aparición das mesmas.

Neste sentido, para a poboación clasificada como sa (52%) aplícanse medidas orientadas á promoción da saúde e prevención da enfermidade, e para aquela con factores de risco ou enfermidades crónicas menores (35%), fomentaranse o autocoidado e a capacitación e manexo do propio autocoidado.

Para aqueles pacientes con enfermidades crónicas estables (8%) seguiremos avanzando na aplicación de estratexias de xestión da enfermidade, e para aqueles pacientes con enfermidades crónicas de maior complexidade e con altas necesidades de cuidados de saúde (5%) empregaranse estratexias específicas de xestión dos casos.

Próximos pasos

Nos vindeiros meses, incorporaranse nova información que enriqueza os resultados, como pode ser a referida á medicación de dispensación hospitalaria. Presentaranse os resultados aos profesionais e incorporaranse á historia clínica electrónica dos pacientes.

Ademais, esta ferramenta estará á disposición dos profesionais para que poidan consultala e aplicala a cada caso. Neste sentido, o proceso de estratificación é un instrumento de grande axuda para elaborar plans de accións específicos dirixidos aos principais estratos de pacientes.

Nesta primeira etapa, a principal ocupación estará centrada nos pacientes pluripatolóxicos, nos cales a posta en marcha de medidas anticipativas pode ter como



resultado un menor número de descompensacións e, polo tanto, mellor estado de saúde e menor mortalidade.



Comunicación da Xunta de Galicia
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41
Correo-e: comunicacion@xunta.es



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"